



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEDA

*Aprobación definitiva de modificación da base 32ª das Bases de execución do orzamento do exercicio 2022 prorrogado ao exercicio 2023*

O día 27 de marzo de 2023, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o expediente de modificación da base 32ª das de execución do orzamento, a fin de modificar o cadro relativo ás subvencións previstas nominativamente no Orzamento.

Segundo o previsto nos arts. 169 e 177.2 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este acordo inicial foi exposto ao público durante o prazo de 15 días hábiles dende a súa publicación no BOP nº 62 do día 30 de marzo de 2023. Durante o dito prazo non se presentaron reclamacións contra o acordo inicial, polo que de conformidade co previsto no artigo 169.4 do RDL 2/2004, publícase a redacción completa de tal modificación aos efectos da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

Consecuencia disto, modifícanse dúas liñas na táboa de subvencións nominativas que figuran na dita base, do seguinte xeito:

#### Base 32ª.- Subvencións.-

(...)

As aplicacións previstas no Orzamento do Concello para estas atencións son as seguintes:

(...)

Aplicación	Denominación	Importe
323 48012	Aportación a ANPA Colexio San Isidro, para programa comedor escolar e programa madrugadores	7.500,00
323 48012	Aportación a ANPA Colexio Maciñeira, para programa comedor escolar e programa madrugadores	16.000,00

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citado, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses contados a partir da data da aprobación definitiva.

Vila de Neda, 3 de maio de 2023

O alcalde

Ángel Alvaríño Saavedra

2023/3484